

CCSS TEMA 3



- 1 Os elementos da actividade económica son...**
 - a. a produción, a distribución e o consumo.
 - b. o consumo e a empresa.
 - c. a produción, a distribución e os recursos financeiros.
- 2 Os recursos humanos dunha empresa son...**
 - a. as materias primas.
 - b. as persoas.
 - c. o diñeiro.
- 3 As empresas do sector terciario son as que...**
 - a. obteñen recursos.
 - b. transforman as materias primas.
 - c. ofrecen servizos.
- 4 O departamento que se encarga de elaborar o produto ou o servizo é o de...**
 - a. compras.
 - b. produción.
 - c. mercadotecnia.
- 5 A publicidade educativa realízana...**
 - a. as librarías, para vender libros.
 - b. as empresas de gas para ofrecer os seus servizos.
 - c. as administracións públicas, para informar sobre o tráfico.
- 6 Os elementos da mensaxe publicitaria son o emisor, o destinatario...**
 - a. a mensaxe e a radio.
 - b. a mensaxe e o medio de difusión.
 - c. o cine e a televisión.
- 7 O diñeiro é un...**
 - a. medio de pagamento.
 - b. tipo de publicidade.
 - c. servizo.
- 8 O conxunto de todo o diñeiro que temos son...**
 - a. os ingresos.
 - b. o investimento.
 - c. o aforro.
- 9 Aforrar consiste en...**
 - a. gardar os ingresos.
 - b. gastar os ingresos.
 - c. regalar os ingresos.
- 10 Principal característica do investimento é o...**
 - a. aforro.
 - b. ingreso.
 - c. risco.